

## 4.5 Plan de convivencia

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia o seu obxectivo fundamental é desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

As normas de convivencia concretan os dereitos e deberes do alumnado, establece as condutas contrarias á convivencia e as correccións que corresponden polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a citada Lei.

### 4.5.1 Análise de situación.

#### **Características do centro e da súa contorna.**

O CIFP A Granxa está situado no lugar da Lomba, parroquia de Areas, concello de Ponteareas, provincia de Pontevedra, no punto Km. 646 da estrada N-120. Este centro é de carácter público, tendo por titular á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O Concello de Ponteareas é un municipio interior, cabeceira da Comarca do Condado, e atópase enclavado no val do Río Tea. Conta con 24 parroquias que son as seguintes: Angoares, Arcos, Areas, Arnosó, Bugarín, Celeiros, Cristiñade, Cumiar, Fontenla, Fózara, Guillade, Guláns, Moreira, Nogueira, Oliveira (San Mateo, San Lorenzo e Santiago), Padróns, Paredes, Pías, Ponteareas (San Miguel), Prado, Ribadetea e Xinzo.

O Centro sitúase a unha distancia do núcleo de Ponteareas de aproximadamente 1 km, fora do núcleo urbano, nun entorno rural. Os seus datos xeográficos son: altitude da capital 50 m., latitude: 42° 10' 30.87 e lonxitude -8°30'11.63.

Entorno socioeconómico de Ponteareas:

Ponteareas conta na actualidade con preto de 23.000 habitantes, con un gran crecemento nos últimos anos influído polo desprazamento da poboación da área metropolitana de Vigo. A súa estrutura económica está moi diversificada, tanto na industria como en servizos.

O concello pertence a comarca do Condado, unha comarca eminentemente agrícola-forestal, destacando especialmente a produción madeireira, o viñado, a horticultura e o viveirismo. Segundo os últimos datos do IGE, Ponteareas contaba con máis do 70% das terras de labradío e pastos permanentes da comarca e aportando, para o uso forestal, máis do 65% da superficie da comarca.

Deste xeito, a contorna do Centro presenta unha ampla gama de empresas moi vinculadas as ensinanzas que se imparten no centro, merecen especial mención as seguintes actividades:



- Forestal, contando con máis de 8.000 ha. de superficie forestal, das cales unhas 6 mil corresponden a superficie arborada.
- Hortícola, esta é unha comarca tradicionalmente hortícola, como mostra o número de pequenas empresas establecidas na contorna.
- Viveirismo, destacando o gran desenvolvemento que se está a producir no ámbito da xardinaría.
- As relacionadas cos espazos naturais catalogados dentro do municipio e na súa contorna, como son: O parque Nacional das Illas Atlánticas, Parque natural do Monte Aloia ou os espazos incluídos na Rede Natura 2.000 do Río Tea, As Gándaras de Budiño e o Estuario do Miño.
- Viticultura, Ponteareas está no enclave da DO Rías Baixas na subzona Condado do Tea, isto fai que proliferen moitas adegas contribuíndo esta actividade de xeito moi importante ao desenvolvemento da comarca.

### **Contextualizan da intervención educativa.**

O CIFP "A Granxa" caracterízase por ser un centro onde actualmente se imparten ensinanzas de formación profesional con grao básico, medios e superiores, nos réximes ordinario e de adultos, tanto presencial como semipresencial /a distancia.

Na ensinanza profesional inicial contamos con ciclos formativos da familia de Actividades Agrarias e da familia de Industrias Alimentarias e da familia seguridade e Medio Ambiente. A oferta inclúe un ciclo de Formación Profesional Básica, así como Accións Formativas para Desempregados (AFD). Nos atopamos así cun centro altamente especializado, cun alumnado bastante homoxéneo en canto a expectativas educativas e laborais.

En canto ás características do alumnado podemos dicir que hai unha gran heteroxeneidade no que se refire á procedencia de lugares, idade e estudos que cursaron anteriormente.

Con respecto á procedencia, temos alumnado que ven de distintas partes da Comunidade Autónoma e, o no caso do CS a distancia e incluso en ciclos presenciais, tamén do resto do estado. Estes casos son debidos a que as nosas ensinanzas se ofertan en poucos centros de Galicia, e a que dispoñemos dun centro residencial, no que viven parte dos alumnos/as.

En canto á idade e os estudos anteriores, tamén temos unha gran variedade. A idade pode oscilar dende os 15 anos ata os 30 en adiante, e os estudos van dende alumnos/as que realizaron algún curso nunha enxeñeira técnica ou unha licenciatura doutra rama educativa, alumnos/as que proveñen de outros ciclos de grao superior e medio, alumnos/as que acceden mediante proba de acceso, alumnos/as que veñen da ESO ou dos novos bacharelatos e alumnos/as que realizaron estudos do sistemas educativos antigos.

O feito de contar con alumnado xeralmente adulto, independente, autónomo, e moitos deles con un proxecto de vida xa desenvolvido, implica que a relación coas familias destes alumnos/as sexa practicamente inexistente e incluso innecesaria





(exceptuando poucos casos como poden ser: alumnos/as da Formación Profesional Básica, na súa maioría menores de idade, con fracaso escolar importante e dificultades de comprensión, expresión e razoamento á hora de enfrontarse á aprendizaxe; casos de menores de idade nos ciclos medios; casos de persoas maiores de idade con discapacidade que, en xeral, que dan o seu consentimento para falar cos pais.

Con respecto aos intereses do alumnado, conclúese que, parte do mesmo cando remate os estudos quere incorporarse ao mundo laboral e outra parte manifesta interese por continuar estudos na formación regrada en ciclos superiores ou na universidade.

En xeral podemos dicir que o perfil do alumnado caracterízase por unha boa motivación para estes estudos, un nivel académico medio-baixo, unha mínima experiencia e cun alto interese en incorporarse ao mundo laboral.

### **Xestión e organización do centro.**

#### **Comisión de convivencia.**

A comisión de convivencia do centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no plan de convivencia e nas normas de convivencia.

Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro. Será presidida pola directora do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Son funcións da comisión de convivencia:

- **Elaborar o plan de convivencia** do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

- **Adoptar as medidas preventivas necesarias** para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- **Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia**, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.





- **Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia**, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- **Propor**, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro **persoas que poidan formar parte do equipo de mediación**.
- **Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente**.
- **Realizar o seguimento** dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- **Elaborar unha memoria anual** sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### Equipo directivo.

Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- **Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos establecidos**.
- Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado. De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011.

### A persoa titular da dirección do centro.

Son funcións da persoa titular da dirección:

- Presidir a Comisión de convivencia.
- O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia por proposta dos colectivos representados.



- A imposición das seguintes medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia **a determinadas clases** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia **ao centro** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### Xefatura de estudos.

Correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas no plan de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do Centro.
- A imposición das seguintes medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor:
  - Amoestación privada ou por escrito.
  - Realización de traballos específicos en horario lectivo.
  - Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

### **O claustro do profesorado.**

Correspóndelle ao claustro do profesorado:

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos

### **Órganos de coordinación docente.**

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

### **Departamento de orientación e profesorado titor.**

Asesorará a comisión de convivencia cando esta así o considere, co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias.

### **Profesorado.**

- Cando a un alumno ou alumna lle sexa imposta a expulsión da aula ordinaria, o profesorado cubre unha Ficha de Derivación, indícalle tarefas a realizar no tempo fóra da aula (aínda que esta aula sexa no ámbito práctico, no campo) e remíteo ao profesorado de garda, que anota no Rexistro da ACI esta incidencia. Na Aula de Convivencia Inclusiva, o profesorado de garda utilizará a Carpeta da ACI para abrir ese espazo de reflexión, compromiso e/ou reparación; cando remate asegurarse de que o alumno, no tempo de expulsión, cubre as fichas, relata e realiza as tarefas encomendadas polo profesorado que o derivou á ACI.

- Tamén pode ser función do profesorado a imposición das seguintes medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia, oído o alumno ou alumna e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.





- O **profesorado titor** ademais, a realización, **en horario non lectivo**, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

**LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**

**Artigo 11. Condición de autoridade pública do profesorado.**

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fora menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fora maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

**Conflitividade detectada no centro.**

Resultado do estudo e diagnose da convivencia trasládanse os seguintes antecedentes:

- Dificultades disciplinarias que se concentran en moi poucos grupos de alumnado.
- Diferentes escalas de valores e niveles de educación entre grupos.
- Dificultades cara a percepción das actividades de convivencia como un valor.
- Dificultades cara ao traballo colaborativo.
- Dificultade disciplinaria en alumnado con drogodependencia.
- Falta de respecto cara ós compañeiros, profesores e instalacións.
- Busca de chamada de atención provocando enfrontamentos.
- Necesidade de formación do profesorado na xestión de asuntos convivenciais.



- Escasa información, claridade e homoxeneidade na aplicacións dos protocolos disciplinario e de prevención e tratamento do acoso.

#### **Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.**

As actuacións desenvolvidas, así como a implicación dos diferentes axentes da Comunidade Educativa, pódense consultar na *Memoria da concreción anual do Plan De Convivencia* elaborado polo Departamento de Información e Orientación Profesional para cada curso académico.

#### **4.5.2 Obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.**

- Aplicar con enfoque colaborativo, todo o Equipo docente, as normas de convivencia, especialmente nos grupos de Formación profesional básica, dedicando o tempo necesario para o acordo dunhas normas consensuadas.
- Presentación no curso das Normas de Organización, funcionamento e convivencia e colocación das mesmas en cada aula.
- Aula Inclusiva de Convivencia (AIC) para todos os ciclos, de obrigado uso nas expulsións do alumnado menor de idade.
- Continuar coas actividades conxuntas onde toda a comunidade educativa comparte tempo e espazo a través do lecer, a música, os concursos, actividades da Comisión de Igualdade, do EDNL, ACF e outras que afianzan o apego e a pertenza a unha comunidade educativa.

#### **4.5.3 Actuacións a desenvolver para favorecer a convivencia.**

Cada ano incluíranse no Plan Anual do Centro as accións que se pretende desenvolver en orde ao cumprimento dos obxectivos deste Plan de Convivencia. Entre as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia contémpanse as seguintes:

- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Terase en especial consideración, a organización do centro e das aulas; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente e as actividades complementarias e extraescolares.
- Programaranse actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación, se se considerase oportuno, co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Desde o departamento de Orientación procederase a a difusión das normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.





- Aplicación do Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, no que se incorporan as seguintes accións:

- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
- Establecer as canles oportunas a cada caso, que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- Implementar as medidas a adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. A orientación será responsable da atención á vítima, esta atención poderá recaer noutra persoa, persoal do Centro, se se considera que a vítima garda unha relación de maior confianza ou proximidade.

- Valoraranse outras medidas que se puideran aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que puideran xurdir (compromisos de convivencia, actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a mediación na resolución dos conflitos, ...).

#### 4.5.4 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

##### *Detección do acoso escolar.*

Criterios de identificación do acoso escolar

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

##### **- A existencia de intención de facer dano.**

- Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

##### **- A repetición das condutas agresivas**

- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.
- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.



- É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas responsables do centro e familias, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

### - A duración no tempo

- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.
- Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Son situacións de desigualdade e de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

### Tipos de acoso escolar.

Para poder identificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico, contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

De xeito esquemático podense considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar
	Pasiva	Ignorar.
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agachar cousas. Romper cousas. Roubar cousas.
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo. Ameazar con armas. Obrigado a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios.

As manifestacións do acoso poden exercerse:

A través das TIC (ciberacoso)	Teléfonos móbiles,, mensaxes ofensivas, intimidatorias ou non desexadas. Redes sociais. Correos electrónicos ofensivos, intimidatorios ou non desexados. Utilización da imaxe sen permiso...
No Centro educativo (nas aulas, talleres, en finca, patios ou nas entradas e saídas)	Durante o recreo e nos patios, nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase, no comedor...
No exterior do Centro educativo	Cando van para a casa,, na rúa, con persoas alleas ao centro, internet, redes sociais ...

### *Consecuencias do acoso escolar.*

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréntanse nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

Para a/s persoa/s agresora/s pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.

Finalmente para os/as compañeiros/as observadores/as: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelaxe equivocada da valía persoal.

Polo tanto existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

1. Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
2. A amizade e a integración como prevención:: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos.
3. Contemplan nas situacións de prevención: a persoa agresora, a vítima e a persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala



### Protocolo de actuación nas situacións de acoso escolar.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado e demais persoal do Centro saiba como actuar nos posibles casos de acoso:

<b>Primeira fase.</b> Coñecemento, identificación e comunicación da situación.	Coñecemento e identificación da situación.	Adopción das primeiras medidas.	Medidas urxentes de protección á presunta vítima*
	Comunicación da situación	Comunicación ao equipo directivo e rexistro. <b>Anexo 1</b> Comunicación ás familias do alumnado implicado. <b>Anexos 3 e 4</b>	Comunicación a outros Profesionais educativos e/ou axentes externos. <b>Anexo 6</b>
	Designación de responsables	Designación dun responsable de atención á presunta vítima. <b>Anexo 2</b>	Designación dun responsable das averiguacións previas. <b>Anexo 5</b>
<b>Segunda fase.</b> Recollida de información e rexistro	Recollida e rexistro da información ( <b>anexo 7</b> )	Entrevistas persoais.	Presunta vítima. <b>Anexo 8</b>
			Presunto acosador/a. <b>Anexo 9</b>
			Observadores/espectadores. <b>Anexo 10</b>
			Familia dos implicados. <b>Anexos 11 e 12</b>
		Recollida de outras informacións	Observacións, outras informacións,...
Asesoramento e/ou apoio técnico	Departamento de orientación. <b>Anexo 13</b>		
		Outros profesionais educativos e/ou axentes externos. <b>Anexo 14</b>	



<p><b>Terceira fase.</b> Análise da información e adopción de medidas</p>	<p>Análise da información e adopción de medidas (<b>anexo 15 e 16</b>)</p>	<p>Comunicación a dirección</p>	<p>Adopción medidas provisionais segundo NOF</p>
		<p>Indicios suficientes</p>	<p>Protección da posible vítima (independentes das medidas urxentes adoptadas en fase 1). <b>Anexo 16</b></p> <p>Tramitación de expediente.</p> <p>Notificación: - Alumnado implicado e familias, no caso de menores. - Inspección Educativa. - Profesorado titor do alumnado implicado</p>
		<p>Confirmado o acoso</p>	<p>Apertura de expediente</p> <p>Persoas agresoras/ medidas reeducadoras e correctoras</p> <p>Outras medidas (<b>anexo 16</b>): - Co grupo-clase e co alumnado espectador/ observador. - Coas familias. - Co equipo docente.</p>
		<p>Adopción de medidas educativas. (Con independencia do resultado da instrución do expediente)</p>	<p>Coa colaboración do departamento de orientación e da comisión de convivencia do centro. De carácter educativo, buscará á reflexión e toma de conciencia dos feitos, e ao cambio de actitude.</p>



<b>Cuarta fase.</b> Seguimento e avaliación das medidas adoptadas	Comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas	Medidas ( <b>Anexo 16</b> ) Grao de consecución ( <b>Anexo 16</b> )  Avaliación ( <b>Anexo 16</b> )	- programar encontros periódicos, especialmente coa víctima, para comprobar se a actuación foi eficaz. - informar á Inspección Educativa do grao de consecución.
--	--	---	---

### \*Medidas urxentes de protección á presunta vítima

A persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre a protección da presunta vítima sobre calquera outra consideración.

Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoas ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

### 4.5.5 Persoas e órganos responsables do desenvolvemento e execución.

As persoas e órganos responsables do desenvolvemento e execución das actuacións son as indicadas no apartado **4.1.1 Análise de situación** epígrafe *Xestión e organización do centro*, segundo as súas funcións e responsabilidades.

### 4.5.6 Normas de convivencia do centro.

As normas de convivencia do centro serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa. O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

#### *Normas básicas de convivencia.*

- O alumnado así como o profesorado, velarán polo bo uso, coidado, mantemento e limpeza das instalacións e dos equipos; especial mención requiren aquelas máquinas ou materiais que polo seu elevado custo económico, importancia para o desenvolvemento das clases prácticas, risco para a saúde ou o medio ambiente, ou especiais circunstancias de uso requiran dunha atención máxima.





Alumnado e profesorado serán responsables da limpeza do material, maquinaria e equipos utilizados: superficies e útiles de traballo, mobiliario, máquinas e calquera outro material, así como de colocar as ferramentas de traballo nas zonas habilitadas para tal fin.

Así mesmo encargaranse de manter a orde nas aulas, invernadoiros, talleres e laboratorios: mesas, cadeiras, funxíbeis, equipos, bibliografía ... que quedará ordenado ao final de cada actividade para facilitar o acceso ao material ao seguinte grupo. Finalizadas as clases ou sempre que estean baleiras pecharanse portas e ventás e apagaranse as luces.

Os docentes contemplarán un tempo suficiente o final do período lectivo do/s módulo/s que imparten no taller, finca ou laboratorio para permitir ó alumnado deixar limpo e ordenado.

- Está prohibida a entrada ao alumnado nas aulas, talleres, vestiarios ou laboratorios durante recreos ou unha vez finalizadas as actividades, sen autorización do docente. A saída e entrada nos talleres, laboratorios, vestiarios ou aulas deberá de contar coa autorización do docente responsable.

- É obrigatoria a asistencia a clase de forma puntual, tanto ao inicio da xornada lectiva, como á volta do recreo e nos cambios de clase. As faltas de puntualidade computarán como faltas non xustificadas, salvo xustificación documental.

Dúas faltas de puntualidade suporán unha falta de asistencia a unha sesión ( 60 minutos) no módulo onde se produzan estas faltas de puntualidade. Serán tidas en conta, polo tanto, para a perda da avaliación continua.

- Durante os períodos lectivos non se permite o uso de móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación, salvo autorización expresa do profesorado. O equipamento informático será utilizado para fins estritamente educativos.

- Son norma a limpeza da aula e das zonas comúns, así como o coidado do mobiliario e vestiarios. Nas aulas e corredores non está permitido comer. Se as condicións de limpeza da aula non son as axeitadas debido á falta de coidados do alumnado, este deberán limpar a aula no recreo ou en horario non lectivo.

- Está prohibido gardar bebidas ou alimentos nas aulas, talleres ou laboratorios salvo expresa autorización, así mesmo queda prohibido mascar chicle durante as actividades lectivas.

- A vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, non poderá supoñer unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, tampouco impedirá ou dificultará a normal participación do alumnado nas actividades educativas. A vestimenta será, polo tanto, adecuada as tarefas a desenvolver no Centro.





O profesorado comprobará que o alumnado vista os equipos de protección individual necesarios segundo se lles indica. En caso contrario poderá levantar amoestación se o considera necesario.

O alumnado non poderá acceder ó comedor con roupa de traballo nin cambiarse nos corredores, terá que facelo nos vestiarios do centro, onde poderá permanecer o tempo necesario para cambiarse e deberá manter orde e compostura.

- Sempre se debe asistir a clase co material escolar propio (incluída roupa e calzado de traballo), coidando e respectando tanto o propio coma o dos compañeiros, profesorado e o do Centro.

- O alumnado menor de idade que precisase saír do Centro entre horas, deberá ser recollido por un adulto autorizado, quedando esta situación rexistrada mediante o modelo correspondente que a persoa autorizada debe cubrir e asinar.

- Cando exista unha convocatoria oficial de folga de alumnado, os/as delegados/as deberán presentar en Xefatura de Estudos unha lista (modelo oficial en Administración) cos nomes e firmas do alumnado que secundará a folga, así como o acordo maioritario, cunha anticipación de como mínimo 24 horas lectivas previa a súa celebración.

O alumnado que non secunde a folga terá dereito e a obriga de asistir a clases.

- Ante a ausencia dalgún profesor/a o alumnado deberá permanecer na aula hasta que o profesorado de garda lle indique a tarefa a realizar.

- Durante o recreo non se pode permanecer nas aulas e corredores.

- Prestarase atención as explicacións do profesorado, respectarase a quenda de palabra, manterase un ton de voz adecuado procurando non molestar aos compañeiros/as.

- Ao posuír o CIFP A Granxa unha residencia e servizo de comedor, aplicárselle especificamente unha normativa de convivencia e utilización que se indica no Plan de convivencia da Residencia.

- Desde o Centro promovese unha convivencia baseada nos valores de tolerancia e respecto. Para tal fin existe unha comisión de convivencia e dispórase dos "partes de incidencias" como reguladores da mesma.

#### 4.5.7 Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección.

O CIFP A Granxa primará a prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no presente plan de convivencia e no protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición a corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.







Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que sexa preciso aplicar cumpriran os seguintes requisitos:

- Terá carácter educativo e recuperador.
- Garantirá o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurará a mellora da convivencia no centro docente.
- Deberá contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- Serán proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

### **Gradación das medidas correctoras.**

Para a gradación das medidas correctoras previstas tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

### **Reparación de danos causados.**

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola





natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

### **Ámbito de corrección.**

Serán obxecto de corrección as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias que se desenvolvan fóra do recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e residencia.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

### **Clases de condutas contrarias á convivencia.**

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Condutas leves contrarias á convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, porá en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

### ***Condutas leves contrarias á convivencia.***

1. Interromper as actividades docentes de forma sistemática.
2. Molestar aos compañeiros/as e impedir o desenvolvemento normal da clase.
3. Ofender, insultar o desacreditar **levemente** a algún compañeiro/a ou calquera membro da comunidade educativa.
4. Non traballar en clase de forma sistemática e non participar nas actividades de aula/taller ben sexan individuais ou en grupo.
5. Non levar os materiais precisos para poder seguir a clase (materiais escolares, roupa de traballo etc.) de xeito sistemático.
6. Non acudir a clase coas adecuadas condicións de aseo e indumentaria persoal
7. Asistir a clase baixo efectos de consumo evidente de alcohol ou drogas.



8. A falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade (acumulación de 2 atrasos inustificados).
9. Calquera acto de indisciplina ou desobediencia leve.
10. Permanecer nos corredores ou aseos durante os períodos lectivos e entrar en aulas alleas.
11. Correr e/ou facer ruído polos corredores.
12. Cuspir, tirar papeis, comer ou beber na clase, corredores e outras zonas non autorizadas ou en medios de transporte contratados para actividades fora do Centro.
13. Tirar papeis ou calquera tipo de desperdicio ou lixo fora dos lugares habilitados.
14. Gritar, dar voces ou dicir palabras malsoantes na clase ou no Centro.
15. Dar portazos ou golpes contra as mesas, cadeiras, mobiliario, etc.
16. Utilización indebida ou deterioro (non grave) intencionado das dependencias do Centro do seu material ou mobiliario, ou do material de calquera dos membros da comunidade escolar.
17. Facer sonar e/ou empregar o móbil ou calquera dispositivo de xogo, audio ou vídeo portátil, na clase sen autorización do profesorado.
18. Non gardar as debidas normas de seguridade e vestimenta establecidas en aulas, talleres e laboratorios.
19. Utilizar inadecuadamente o material ou poñer en funcionamento aparatos ou equipos sen a autorización do profesorado (sempre que non causen danos graves).
20. Utilizar os equipos informáticos do Centro e rede de datos para fins contrarios as normas de convivencia ou causar danos leves ou modificacións na súa configuración.
21. Atrasos na devolución, perda ou deterioro dos libros en préstamo da Biblioteca .
22. Non cumprir as normas de convivencia durante as ACF tanto dentro coma fora do Centro (sempre que non sexan condutas graves de indisciplina).
23. Fumar dentro do recinto do Centro educativo, aínda ao aire libre.
24. Xogar con balóns ou outros obxectos en corredores, aulas ou calquera outra zona non habilitada para a práctica de deportes.
25. Acceder ao recinto do Centro con un vehículo non autorizado.
26. Aparcar o vehículo fora das zonas autorizadas no interior do Centro.
27. A condución de xeito imprudente ou perigoso nas instalacións do Centro.
28. Non manter a orde e limpeza nos patios e xardíns exteriores do centro educativo.





29. Entrar sin autorización a Residencia, cociña ou calquera outra dependencia do Centro na que o alumnado non teña autorización.

30. O deterioro leve, causado de xeito intencionado das dependencias do Centro, o material ou os obxectos e pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.

31. Meter bicicletas, patinetes ou similar nas aulas, talleres ou zonas non habilitadas interiores do centro.

32. Calquera outra conduta que supoña un dano leve ou de menor gravidade ao Centro reflectida neste documento.

### *Medidas correctoras*

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia que supoñan a suspensión do dereito asistencia, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.



## Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

1. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
4. gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011\*.

*\*"considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar."*

6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
7. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
8. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
9. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.





*\*\*Artigo 11. Condición de autoridade pública do profesorado.*

*3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.*

*O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta fora menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fora maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder."*

11. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
12. O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro poderán ser corrixidas coas seguintes medidas:

1. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
2. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
3. Cambio de grupo.
4. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
5. O alumnado que cometa unha falta grave ou acumulacións de faltas leves, atendendo ao Decreto 8/2015, polo que se desenrola a lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, poderá ser obxecto de proposta de exclusión do proxecto de DUAL.
6. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.



## 7. Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nos puntos 6 ou 7.

### 4.5.8 Aula de Convivencia Inclusiva (ACI).

A aula de convivencia inclusiva, vai desenvolver os seguintes obxectivos específicos do Plan de convivencia:

- Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos en todas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no centro.
- Prever os conflitos e buscar a resolución pacífica dos mesmos.
- Prever a vulneración das normas comúns así como as condutas disruptivas ou que puideran
- Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia.
- Coordinar as liñas de traballo e as respostas do equipo educativo respecto dos desafíos á convivencia.
- Prever unha atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daqueloutro alumnado que padece as súas consecuencias.

#### AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Aula de Convivencia Inclusiva (ACI) como aula de reflexión é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as "expulsións" á xefatura de estudos ou os "tempo fora" da aula.

Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ao adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio, ofrecendo unha resposta tanto aos conflitos puntuais na aula como ao alumnado con problemas persistentes de conduta. Especialmente no alumnado menor de idade ou a aquel que acepte un espazo guiado para reflexionar sobre o seu comportamento.

A ACI como aula de traballo trata de dar solución ao alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fora obxecto de expulsión da aula por faltas leves, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.





A Aula de Convivencia como observatorio da convivencia, procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Estes datos son utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso en particular, a cada grupo clase, a cada profesor/a, etc.

## XUSTIFICACIÓN

As condutas contrarias á convivencia leves no CIFP A Granxa son as chamadas disruptivas, características:

- As que de forma conscente ou inconscente, impiden que o profesorado leve a bo termo a súa tarefa máis característica, dar clase, explicar un tema, realizar unha actividade, levar adiante un exame...
- Son valoradas polo profesorado como indisciplina, condutas non axustadas ás normas establecidas nas aulas e no centro.
- Teñen como consecuencia un retraso da aprendizaxe, restan tempo á explicación, ao estudo e á atención: o docente debe dedicar tempo a por orde, lograr que se senten e garden silencio, que teñan a man o material e que estean coa roupa de traballo fora da aula onde traballan o máis práctico dos módulos.
- Crean un clima de clase inadecuado, tensión entre o equipo de docentes e o grupo, conseguindo condicións pouco axeitadas para a tarefa de ensino-aprendizaxe.
- Repercute nas relacións persoais que existen entre o profesorado e este alumnado, rachando a convivencia entre eles.

Este fenómeno, a disrupción, débese a varios factores socioeconómicos e educativos (estudos até 16 anos ou máis para obter titulación académico profesional con praza garantida no sistema, variedade de intereses, motivacións, aptitudes e actitudes, aumento do fracaso escolar e abandono, crise de valores, crise social e económica entre a mocidade, ...). Isto fai que a disrupción sexa complexa e que analizando os conflitos maioritarios no noso centro, e as consecuencias e sancións, sexamos capaces de por en marcha un recurso potente e pedagóxico.

## OBXECTIVOS

1. Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, deba ser privado de asistencia durante determinadas horas.
2. Establecer un espazo que lle permita ao alumnado distanciarse do foco do conflito, ou das circunstancias que o orixinan. Conseguir o tempo necesario para poder axudarlle a reflexionar e buscar posibles solucións.
3. Aproveitar o espazo para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo, evitando a escalada do conflito.







4. Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumnado cos seus problemas de conduta.

5. Xestionar de xeito coordinado e centralizado os conflitos do centro, ofrecendo respostas adaptadas ao grupo clase, o historial previo, as condicións socio familiares e as solucións antes intentadas.

6. Medir a conflictividade no Centro.

## **FUNCIONAMENTO**

1º Cando a un alumno ou alumna lle sexa imposta a expulsión da aula ordinaria, o profesorado cubre unha Ficha de Derivación, indicalle tarefas a realizar no tempo fóra da aula (aínda que esta aula sexa no ámbito práctico, no campo) e remíteo ao profesorado de garda, que anota no Rexistro da ACI esta incidencia.

Na ficha de derivación xa se indica se a conduta pode estar tipificada como grave e, sendo así, realiza as Fichas de Reflexión co profesorado de garda, e informárase a xefatura de estudos que abrirá o Procedemento corrector.

2º Na Aula de Convivencia Inclusiva, o profesorado de garda utilizará a Carpeta da ACI para abrir ese espazo de reflexión, compromiso e/ou reparación; cando remate asegurárase de que o alumno, no tempo de expulsión, cubre as fichas, relata e realiza as tarefas encomendadas polo profesorado que o derivou á ACI.

3º Rematada a garda docente, anotará no Informe da actitude do alumnado durante a expulsión á ACI, e comentará co seguinte docente de garda no caso de persistir a derivación, senón acompañará, ao alumno de volta á súa aula.

4º No caso de Reincidencia a responsabilidade recae sobre a orientadora, pero o alumnado derivarase coa ficha correspondente, á ACI. E atenderá a Orientadora. No caso de que non estea (por exemplo os luns pola mañá queten horario de tarde), quedará a derivación e traballo na ACI no seguinte día e mesmo módulo que estea a orientadora e poida traballar a reincidencia.

## **INSTALACIÓNS**

O espazo de referencia é a Biblioteca, onde se atopará os recursos nunha Carpeta da ACI, con toda a documentación, copias a cubrir das distintas Fichas e outros recursos que se consideren; o alumnado sentarase no lugar adecuado para comezar a reflexión guiado polo profesorado de garda, ou se é reincidente coa orientadora.

Co tempo o alumnado percibirá que a Aula é un lugar para aprender a convivir cando se producen alteracións da convivencia.

A persoa responsable da orientación no centro facilitará o material didáctico necesario para traballar os diferentes obxectivos da Aula e os distintos departamentos facilitarán os materiais didácticos para as actividades formativas do alumnado.



## MATERIAIS DIDÁCTICOS

- Ficha de Rexistro da conflitividade no centro
- Carpeta de Xestión dos conflitos
- Reflexión sobre a conduta
- Reflexión sobre as solucións: os compromisos e as reparacións
- Ficha de Informe da actitude do alumnado na ACI
- Ficha Seguimento do compromiso

## PERSOAS RESPONSÁBEIS

A estrutura organizativa do noso centro permite cubrir a totalidade do horario lectivo co profesorado de garda e a orientadora.

### **Profesorado**

Cubrir a ficha de Derivación e engadirlle tarefas ao alumnado expulsado.

Profesorado de garda

Realizar a reflexión, compromiso ou/e reparación co alumno ou alumna na ACI e finalizar co Informe da Actitude.

### **Persoa Titora**

Valorar coa Orientadora a conduta e as consecuencias, informar ao equipo docente e, entre todos acordar un curso de acción para o seguimento (recollida en Acta da Reunión) dese alumnado, que non volva reincidir ou se reincide, cales poden ser as medidas a adoptar.

### **Orientadora**

Ademais do anterior, procurar material máis visual e interactivo para traballar as reincidencias, asesorar ao equipo docente e á persoa titora.

Dirección e Xefatura de Estudos

Poñer en marcha o procedemento corrector no caso de conduta gravemente prexudicial.

## VALORACIÓN DA AULA INCLUSIVA DE CONVIVENCIA

Dispoñemos de dous instrumentos, para o alumnado e para o profesorado.

Ao remate de curso e nos grupos de maior incidencia, cubrirase polos docentes e polo alumnado.

As conclusións engadiranse á Memoria do Plan de Convivencia, xunto ao Rexistro de incidencias, reincidencias e compromisos, reparacións e melloras.



#### 4.5.9 Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

A mediación proporciona unha saída construtiva aos conflitos de cada día. Ademais, favorece:

- A prevención dos conflitos.
- O crecemento persoal.
- A mellora do ambiente no Centro.
- A participación activa e responsable do alumnado na vida do Centro.
- O traballo conxunto dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- A democratización das actividades do Centro.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e recollidos no Plan de Convivencia do Centro, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora polo profesorado na Aula de convivencia Inclusiva.

A mediación entre o alumnado traballarase nas horas de titoría da FP Básica como valor e formación para a resolución dos conflitos, tal e como se contempla no PAT.

#### 4.5.10 Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro.

As normas de funcionamento e funcións da comisión de convivencia pódense consultar no apartado *4.1.1 Análise de situación*, no epígrafe *Xestión e organización do centro* deste mesmo documento.

#### 4.5.11 Difusión do plan de convivencia.

Normas de convivencia serán incorporadas as Normas de Organización e funcionamento, ademais un extracto das mesmas incluírase xunto coa guía do alumnado que cada inicio de curso se. Finalmente o texto completo, incluídas as NOF poranse a disposición do alumnado, docentes e non docentes e demais membros da comunidade educativa do CIFP A Granxa na web do Centro.

#### 4.5.12 Avaliación e mellora do plan de convivencia.

O seguimento do Plan de Convivencia corresponde a comisión de convivencia . Tamén será a encargada da avaliación do mesmo. Tanto o seguimento, como a avaliación, reflectiranse ao rematar o curso na memoria do plan de convivencia do Centro,



modificándose, incluíndose ou suprimindo coa aprobación do Consello Escolar, cantos aspectos se consideren oportunos tras esta avaliación e no marco da normativa vixente.

#### 4.5.13 Anexos do plan de convivencia.

Os modelos e Anexos están dispoñibles en:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

